



NORMATIVA RECOLLIDA DE ALIMENTOS 2022

Achégase o Nadal e pensando nas persoas máis vulnerables, organizamos unha campaña de recollida de alimentos dende o 1 ao 22 de decembro.

Ser solidarios, axudar aos outros de forma desinteresada fainos máis humanos, máis persoas, máis cristiáns.

A finalidade desta campaña solidaria é espertar consciencias, sensibilizarnos de que en este mundo global todos necesitamos de todos.

Co fin de garantir as condicións mínimas de hixiene e salubridade sanitaria no momento no que nos atopamos, pregamos teñades en conta estas mínimas normas para facer as vosas doazóns de xeito que o xesto de solidariedade non sexa un mero requisito senón unha acción na que poñemos **o corazón** desexando para os demais o que a nós nos gustaría recibir.

RECOLLIDA DE ALIMENTOS

- ✚ Os alimentos doados deben estar en boas condicións: embalaxe, caducidade, etc...
- ✚ Só se poderá doar mercancía non perecedoira quedando excluídos alimentos frescos.
- ✚ As doazóns depositaranse nas caixas establecidas para elo nos distintos puntos creados para tal fin (entrada principal, entrada infantil, taboleiro GDM...)
- ✚ Cada quen traerá a doazón nunha bolsa preferentemente reutilizable que levará de volta para casa.
- ✚ As doazóns son totalmente voluntarias polo que se apela á responsabilidade individual á hora de facelas non sendo este tema obxecto de ningún tipo de rivalidade ou competitividade.

